

CEIP PLURILINGÜE ANTAS DE ULLA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN INFANTIL

*8 PEQUENOS
CONSELLOS PARA
QUE O SEU FILL@*



*INICIE CON BO PÉ
A SÚA
ESCOLARIZACIÓN*

1. Organización e puntualidade:

É preciso empezar a organiza-los horarios familiares para que o madrugón non resulte desagradable, acostuma-



lo neno/a a deitarse cedo, calcula-lo tempo preciso que nos vai levar axudalo a vestirse e toma-lo almorzo, etc. de xeito que pola mañá non andemos todos estresados, xa que esta tensión vivenciaa o neno/a dun xeito moi acusado cando comeza a escolarización dificultándose así a súa adaptación.

2. Alimentación:

O almorzo é unha das comidas máis importantes do día, por iso é imprescindible que o neno/a se vaia



acostumando a almorzar ben para que cando empece o cole teña enerxía suficiente para aguantar as mañás.

3. Socialización:

Nesta etapa é moi importante a socialización do neno/a que é un dos obxectivos da



Educación Infantil. Por iso canto máis acostumado este o neno/a a convivir e a xogar cos outros nenos/as máis fácil será a súa adaptación. Así, aconsellamos que, antes de empezo-lo cole, se vaian familiarizando cos futuros compañeiros, que xoguen xuntos no parque, na casa, etc.

4. Hábitos de hixiene:

No colexio son moitos os nenos que están xuntos, polo que o profesor/a non pode ir con cada un ó servizo para que faga pis. Por isto, antes de



inicia-la súa escolarización os nenos han de ter un bo control de esfínteres diúrno e deben saber baixar os pantalóns e utiliza-lo retrete. Se algún neno non ten aínda este control deben aproveitarlo verán para aprenderlo. Tamén deben aprender a lavarse as mans despois de usa-lo servizo.

5. Autonomía persoal:

Tamén é importante que os nenos/as adquiren unha certa autonomía, non hai que ser



excesivamente protectores con eles nin dárlllelo todo feito. Teñen que ir aprendendo a vestirse, a facer pequenas cousas e a dicir o que precisan. Tamén é necesario que comecen a despegarse un pouco da mamá.

6. Educación do carácter:



É preciso que o neno/a estea habituado a que lle digan Non, porque tense que facer resistente á frustración e saber que non sempre pode facer o que quere. Tamén é importante que vaia aprendendo a compartirlas cousas cos outros nenos, a ser obediente e a dominar as rabietas.

7. Importancia da linguaxe:

Canto máis falen os nenos/as cando empezan o colexio mellor se farán entender e a súa adaptación será máis rápida. Fale moito cos seus fillos/as, cóntelle contos, apréndalle cancións, dígalle o nome preciso de tódalas cousas, etc.



8. Non utiliza-lo colexio como ameaza:

Nunca lle fale mal do colexio nin lle diga que os profesores o van castigar. Cando o neno se porte mal aproveite a experiencia para educalo vostede sen utilizar a ninguén. É importante que os nenos/as non sintan o colexio como unha ameaza.



Tódolos que formamos o Departamento de Orientación



Esperamos que estes consellos lles teñan sido de utilidade...

